

Examinado o informe proposta elaborado polo negociado de Benestar Social con data 28/06/23 e que literalmente transcrito di:

“Dende a Concellería de Benestar Social convocáronse as becas de comedor escolar e de axudas á escolarización para o curso 2023-2024 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases correspondentes foron aprobadas por resolución da Concelleira de Benestar Social e Patrimonio Histórico o pasado 14/04/2023.

Ditas bases publicáronse no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello o día 12/05/2022, abríndose un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases, rematando o prazo o día 29/05/2022

Unha vez revisada a documentación que acompaña ás solicitudes presentadas, propónselle ao alcalde do Concello de Ferrol, que acorde o seguinte:

- 1.- Aprobar as listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar (Anexo I) e axudas á escolarización (Anexo II) para o curso 2023/2024, que se inclúen nas taboas que se xuntan (Anexos I e II).
- 2.- Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal.
- 3.- Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais. “

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

O alcalde

Jose Manuel Rey Varela

Dou fe,
O secretario xeral